



IN MEMORIAN

Lembro as curvas que dende cativa percorría no coche de meus pais para chegar até aquí cada caloroso doce de agosto.

Daquela, as cousas, olladas dende esa peculiar perspectiva que dá a nenez semellaban sempre máis esaxeradas, máis inmensas e lonxanas...

Hoxe estamos aquí tempo despois, de volta, percorrendo as mesmas curvas, a mesma paisaxe e o mesmo lugar para conmemorarmos o 35 aniversario de quen xace aquí vítima dos derradeiros anos da longa noite de pedra que nos asolagou. Esta tarde queremos facer a Moncho un pouquiño máis noso, máis próximo sacándoo do esquecemento e facéndoo xermolar en cada un de nós.

Coa súa loita, ao carón de outros e outras, legounos un mundo un pouco mellor e un chisco máis libre.

Moncho aquel rapaz de vinte e cinco anos asasinado en Ferrol enarbora hoxe a bandeira da loita pola liberdade e a xustiza dun pobo que esqueceu dignificar aos seus fillos. E trinta e cinco anos despois do seu asasinato xuntámonos aquí para lembrar quen foi e para reivindicarmos a importancia da súa loita, a loita pola liberdade e por uns ideais que procuraban unha alba estrelada e dunha cor azul avermellada para quen viñamos detrás.

Por iso, a súa memoria é unha maneira de construírmos o futuro; o seu exemplo, a súa integridade e a súa entrega son algúns dos valores que nos serven para empedrar o camiño que andamos. Como dicía Benedetti: “me sirve tu sendero, compañero”; e si, sírvenos a loita de Moncho e a de moitos de vós para continuarmos, porque fica aínda moito por facer e moito que construír, pero as primeiras pedras foron postas anos atrás. E é que Moncho supón o comezo dunha época que sinala un punto de inflexión na historia do sindicalismo e da organización política galega; o seu traballo, a súa labor nese campo é quizais a máis descoñecida para algúns dos máis novos. Recuperar a súa figura e o seu traballo é a maneira de reconstruírmos un anaco do quebracabezas da nosa historia recente; saber quen era realmente e a súa aportación política, sindical e cultural, alén do seu fatal destino é tamén, dalguha maneira, o que hoxe queremos conmemorar aquí ao terse recoñecido como vítima da ditadura por parte do Ministerio de Xustiza.



Hoxe, de volta, desfaremos as mesmas curvas que percorren o camiño até aquí levando cada un de nós un anaquiño de Moncho e nesta tarde, entre as herbas deste camposanto e o vento lene que zoa, recollemos, Moncho, o ronsel da túa memoria para sementarmos os soños do noso futuro.

María Brañas Costas